

ADDENDA A PROGRAMACIÓN

Dpto. TECNOLOGÍA 2021/2022

Introdución

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, supón unha importante modificación no calendario e procedemento de avaliación polo que cómpre revisar e adaptar as programacións didácticas do noso departamento.

A adaptación á nova orde concrétase nos seguintes puntos:

Con respecto aos cursos da ESO:

- Elimínase da programación toda referencia á proba extraordinaria.
- Na semana do 6 de xuño de 2022 terá lugar a terceira avaliación. Coas notas das tres avaliacións calcularase un valor provisional para a cualificación da avaliación ordinaria segundo o criterio sinalado na programación [media das 3 avaliacións].
- O alumnado con dita cualificación inferior a 5 poderá recuperar a materia suspensa durante o período do 6 ao 22 de xuño
- O alumnado con cualificación igual a 5 ou superior poderá mellorar esta nota [un punto como máximo]
- A avaliación final terá lugar o 23 de xuño

En canto a bacharelato o período que vai dende o 6 ó 22 será un período entre a avaliación final (realizada o 6 de xuño) e as probas da convocatoria extraordinaria (realizadas entre os días 20, 21 e 22 de xuño).

Por todo elo o **Departamento de Tecnoloxía** elabora esta **Addenda á Programación do curso 2021-22**

Educación secundaria obrigatoria

Período do 6 ao 22 de xuño

Tal e como dita a Orde do 25 de xaneiro de 2022 que actualiza a normativa de avaliación, o período abranguido entre o día 6 e o 22 de xuño deberá destinarse a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.




Programación (2º ESO)

O alumnado que teña todo aprobado neste período realizará unha **práctica final** na que poida poñer en práctica todo o aprendido ao longo do curso, e de ser posible ampliar algún coñecemento. Deste xeito o alumnado, amosará os seus coñecementos adquiridos e ao mesmo tempo poñerá en práctica a súa creatividade.

En canto ó alumnado coa materia suspensa, poderá realizar neste período coa axuda e apoio da profesora, as prácticas que non logrou superar durante o curso.

A realización correcta das prácticas implicará a substitución da súa calificación negativa pola nota obtida neste período para o cálculo da súa nota final. Neste caso volverase calcular a nota media das tres avaliacións coas novas calificacións.

Para superar o curso será preciso que a media das tres avaliacións seña superior ou igual a 5.



Tecnoloxía (2º ESO)

O alumnado que teña todo aprobado neste período realizará un programa en Scratch no que se trate o tema dos materiais:

- *Características xerais*
- *A madeira e os metais*


En canto ó alumnado con algunha avaliación suspensa, poderá realizar neste período coa axuda e apoio da profesora, exercicios e actividades similares as realizadas ao longo do curso, que lle sirvan de axuda e reforzo para poder superar a finais de xuño unha proba obxectiva soamente dos contidos que non logrou acadar ao longo do curso. Ademáis deberá presentar antes do día desta proba final, aquela ou aquelas probas que non logrou superar durante do curso.

De superar a proba implicará a substitución da súa calificación negativa pola obtida para o cálculo da nota media de cada avaliación parcial.

Para superar o curso será preciso que a nota media das 3 avaliacións, tendo en conta as novas calificacións, seña superior ou igual a 5.

No caso de existir algún alumn@ con todo o curso suspenso realizará unha proba obxectiva global e deberá presentar resoltas todas as probas obxectivas que non logrou superar ao longo do curso. O peso da proba na avaliación final será o 65% e a presentación das actividades que terá que entregar durante ese período o 35% .

Calquera proba obxectiva deberá realizarse nos días propostos polo centro (20,21 e 22 de xuño).



Tecnoloxía (3º ESO)

O alumnado que teña todo aprobado neste período realizará un programa en Mblock no que se trate o tema dos materiais plásticos e o mesmo tempo controle algún circuito ca placa Arduino. Por exemplo cando no programa nos están a informar das desvantaxes dos plásticos pódense acender varios diodos vermellos e comenzar a parpadear ou soar algunha alarma.

En canto ó alumnado con algunha avaliación suspensa, poderá realizar neste período coa axuda e apoio da profesora, exercicios e actividades similares as realizadas ao longo do curso, que lle sirvan de axuda e reforzo para poder superar a finais de xuño unha proba obxectiva soamente dos contidos que non logrou acadar ao longo do curso. Ademáis deberá presentar antes do día desta proba final, aquela ou aquelas probas que non logrou superar durante do curso.

De superar a proba implicará a substitución da súa calificación negativa pola obtida para o cálculo da nota media de cada avaliación parcial.

Para superar o curso será preciso que a nota media das 3 avaliacións, tendo en conta as novas calificacións, seña superior ou igual a 5.

No caso de existir algún alumn@ con todo o curso suspenso realizará unha proba obxectiva global e deberá presentar resoltas todas as probas obxectivas que non logrou superar ao longo do curso. O peso da proba na avaliación final será o 65% e a presentación das actividades que terá que entregar durante ese período o 35% .

Calquera proba obxectiva deberá realizarse nos días propostos polo centro (20,21 e 22 de xuño).



T.I.C. (4º ESO)

O alumnado que teña todo aprobado neste período realizará unha práctica final que consistirá na realización dunha páxina web na que se trate o tema “Os perigos nas redes sociais” na que poida poñer en práctica todo o aprendido ao longo do curso, e de ser posible ampliar algún coñecemento. Deste xeito o alumnado, amosará os seus coñecementos adquiridos e a súa creatividade.

En canto ó alumnado coa materia suspensa, poderá realizar neste período coa axuda e apoio da profesora, as prácticas que non logrou superar durante o curso.

A realización correcta das prácticas implicará a substitución da súa calificación negativa pola nota obtida neste período para o cálculo da súa nota final. Neste caso volverase calcular a nota media das tres avaliacións cas novas calificacións.

Para superar o curso será preciso que a nota media das 3 avaliacións, tendo en conta as novas calificacións, seña superior ou igual a 5.

Bacharelato



T.I.C. (1ºBAC)

Período do 6 ao 22 de xuño

No caso de bacharelato, o período que vai dende o 6 ó 22 de xuño, será un período entre a avaliación final (realizada o 6 de xuño) e as probas da convocatoria extraordinaria (realizadas entre os días 20, 21 e 22 de xuño).

O período comprendido entre o 6 de xuño/22 de xuño, dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.


*O alumnado que teña todo aprobado neste período realizará unha **práctica final** libre na que poida poñer en práctica todo o aprendido ao longo do curso, e de ser posible ampliar algún coñecemento. Deste xeito o alumnado, amosará os seus coñecementos adquiridos e a súa creatividade.*

En canto ó alumnado coa materia suspensa, poderá realizar neste período coa axuda e apoio da profesora, as prácticas que non logrou superar durante o curso para que lle sirva de apoio e axuda na realización e superación da proba extraordinaria.

*Esta proba , tal e como se recolle na programación **sera única para todos os alumnos/as e estará constituída por unha proba cun contido que estará directamente relacionado cos obxectivos mínimos da materia.** Nesta proba, polo tanto, non se conservan, os aprobados parciais de cada avaliación. O alumnado terá que obter ao menos un 5 para superar a materia.*

Esta Addenda estará dispoñible na páxina WEB do centro.

A Pobra de Trives, a 28 de marzo de 2022

A handwritten signature in black ink on a light blue background. The signature is written in a cursive style and reads "Amaya Serén López". The name "Amaya Serén" is on the top line, and "López" is on the bottom line, with a long horizontal flourish underneath.

Asdo. : Amaya Serén López

Xefa Departamento Tecnoloxía